



El Ayuntamiento de Rubiá convoca un procedimiento de selección de personal laboral temporal:

Denominación del puesto: trabajador/a social a jornada completa para trabajar en la agrupación de los ayuntamientos de Carballeda de Valdeorras y Rubiá en el año 2020.

Documentación y bases: las exigidas en las bases de convocatoria, que fueron aprobadas por la Alcaldía con fecha 23-12-2019 y que podrán ser consultadas en el ayuntamiento de Rubiá en horas de oficina.

Instancias: las solicitudes para participar en el procedimiento de selección se formalizarán en el modelo de instancia que se adjunta a estas bases, se dirigirán al alcalde y se presentarán en el Registro General del ayuntamiento o por las otras formas previstas en la Ley Reguladora del Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, durante el plazo de 7 días naturales desde la publicación en el BOP de Ourense. El horario de presentación de documentación es de lunes a viernes de 9:00 a 14:00 h.

Rubiá, 23 de diciembre de 2019.

El alcalde. Fdo.: Elías Rodríguez Núñez.

R. 3.842

Vilar de Barrio

Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por recollida de lixo.

O Pleno do Concello de Vilar de Barrio, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 7 de novembro de 2019, acordou aprobar provisionalmente o expediente de modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por recollida de lixo. Dado que durante o período de exposición pública (BOP n.º 258 de data 9 de novembro de 2019) non se presentaron reclamacións, elévase automaticamente a definitivo o citado acordo ata entón provisional. De conformidade co previsto no artigo 17 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o texto íntegro da ordenanza definitivamente aprobada é o seguinte:

Ordenanza fiscal reguladora da taxa por recollida de lixo

Artigo 1º- Fundamento e natureza.

En uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais 2/2004, este Concello establece a taxa pola recollida de lixo, que se rexerá por esta ordenanza fiscal e atendendo ao previsto na sección 3ª, do capítulo III do título I do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Artigo 2º- Feito imponible

1.- Constitúe o feito imponible da taxa de prestación de servizo de recepción obrigatoria, a recollida de residuos sólidos urbanos no termo municipal de Vilar de Barrio, o seu transporte aos centros de eliminación e posterior tratamento.

Entenderase de recepción obrigatoria o servizo prestado a todas as vivendas, e establecementos ou locais destinados a calquera tipo de actividade susceptible de produción de residuos sólidos urbanos, incluídas as que carezan de contido económico.

2.- A prestación do servizo a cada vivenda, local ou establecemento constitúe un feito imponible diferenciado, dando lugar ao dereito a cobrar a correspondente taxa, incluso nos supostos en que varias vivendas, locais ou establecementos pertencen a un mesmo suxeito pasivo.

3.- Non están suxeitos á taxa as vivendas, locais ou establecementos nas que conorra calquera das seguintes circunstancias de feito:

Atoparse en estado de ruína oficialmente declarado polo Concello de conformidade coa lexislación urbanística vixente. A declaración de non suxeición e correspondente baixa no padrón producírase de oficio.

Tratarse de inmoables non susceptibles de uso ou ocupación. Para estes efectos, considéranse como tales unicamente os inmoables que carezan dos servizos de: subministración de auga potable, evacuación de augas residuais e subministración de enerxía eléctrica. Enténdese que o inmovible carece destes servizos cando estea dado de baixa como usuario en todos os servizos sinalados, con carácter definitivo, pola entidade subministradora ou prestadora. No caso de que non se acredite este extremo, o inmovible considerárase utilizable ou ocupable e devindicará a taxa correspondente.

4.- Para os efectos da definición do feito imponible, considérase lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos os restos e desperdicios de alimentación ou detritos procedentes da limpeza normal de vivendas ou locais. Exclúense de tal concepto os residuos de tipo industrial, entullos de obras, detritos humanos, materias e materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou dos que a súa recollida ou vertedura esixa a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.

Artigo 3º- Suxeitos pasivos

1.- Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades que presten ou realicen as entidades locais, de conformidade co artigo 23.1 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, que aprobou o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

En consecuencia, son suxeitos pasivos contribuíntes nesta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas, establecementos e instalacións de calquera uso, sexa a título de propietario ou usufrutuario, habitacionista ou arrendatario.

2.- Terán a condición de substitutos do contribuínte, nas taxas establecidas por razóns de servizos ou actividades que beneficien ou afecten aos ocupantes de vivendas ou locais, os propietarios dos ditos inmoables, quen poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios, de conformidade co artigo 23.2 do citado RDL 2/2004.

Artigo 4º- Responsables

1.- Responderán solidariamente do pagamento desta taxa xunto cos suxeitos pasivos substitutos do contribuínte, os beneficiarios da prestación do servizo por utilizar ou ocupar as vivendas ou locais.

Artigo 5º.- Cota tributaria

A cota da taxa regulada nesta ordenanza será a fixada nas tarifas contidas neste artigo, que consistirá nunha cantidade fixa anual.

A taxa esixírase de acordo co seguinte cadro de tarifas:

Tipos de uso; importe tarifa en euros/ano

Vivendas; 55 €

Bares e restaurantes; 90 €

Comercios; 90 €

Talleres e fábricas; 90 €

Almacéns e supermercados; 90 €

Fornos e panaderías; 90 €

Farmacia; 90 €

Perruquerías; 90 €

Casas rurais e pensións; 90 €
Albergues, 90 €
Outras obras; 90 €
Estacións de servizo -gasolineiras; 150 €
Establecementos financeiros; 150 €

Artigo 6. Período impositivo e devindicación.

O período impositivo coincidirá co ano natural, a devindicación da taxa producirase o 1 de xaneiro de cada ano e as cotas serán irredutibles coa excepción dos supostos de alta e variación de actividades económicas nos que se producirá o rateo por semestres. Tamén se producirá o rateo por semestres no caso de baixas de actividades económicas que fosen presentadas no Concello.

Artigo 7.- Infraccións e sancións.

En materia de infraccións e sancións relacionadas coas taxas reguladas nesta ordenanza fiscal, ateranse ao disposto na Lei xeral tributaria e demais normativa aplicable para o efecto.

Disposición final.

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2020 e permanecerá en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa

Contra este acordo, conforme ao artigo 19 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, poderase interpor recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, na forma e prazos que establecen as normas reguladoras da xurisdición contencioso-administrativa.

Vilar de Barrio, 24 de decembro de 2019. O alcalde.

Asdo.: Manuel Conde Gómez.

Aprobación definitiva de la modificación de la Ordenanza Fiscal Reguladora de la Tasa por Recogida de Basura.

El Pleno del Ayuntamiento de Vilar de Barrio, en la sesión ordinaria celebrada el día 7 de noviembre de 2019, acordó aprobar provisionalmente el expediente de modificación de la Ordenanza Fiscal Reguladora de la Tasa por Recogida de Basura. Dado que durante el período de exposición pública (BOP n.º 258 de fecha 9 de noviembre de 2019) no se presentaron reclamaciones, se eleva automáticamente a definitivo el citado acuerdo hasta entonces provisional. De conformidad con lo previsto en el artículo 17 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, el texto íntegro de la ordenanza definitivamente aprobada es el siguiente:

Ordenanza Fiscal Reguladora de la Tasa de Recogida de Basura.

Artículo 1º- Fundamento y naturaleza.

En uso de las facultades conferidas por los artículos 133.2 y 142 de la Constitución y por el artículo 106 de la Ley 7/85, del 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local, y de conformidad con lo dispuesto en los artículos 15 a 19 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales 2/2004, este Ayuntamiento establece la tasa por la recogida de basura, que se regirá por la presente ordenanza fiscal y atendiendo a lo previsto en la sección 3ª, del capítulo III del título I del texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales.

Artículo 2º- Hecho imponible

1.- Constituye el hecho imponible de la tasa de prestación de servicio de recepción obligatoria, la recogida de residuos sólidos urbanos en el término municipal de Vilar de Barrio, su transporte a los centros de eliminación y posterior tratamiento.

Se entenderá de recepción obligatoria el servicio prestado a todas las viviendas, y establecimientos o locales destinados a cualquier tipo de actividad susceptible de producción de residuos sólidos urbanos, incluidas las que carezcan de contenido económico.

2.- La prestación del servicio a cada vivienda, local o establecimiento constituye un hecho imponible diferenciado, dando lugar al derecho a cobrar la correspondiente tasa, incluso en los supuestos en que varias viviendas, locales o establecimientos pertenezcan a un mismo sujeto pasivo.

3.- No están sujetos a la tasa las viviendas, locales o establecimientos en las que concurra cualquiera de las siguientes circunstancias de hecho:

Encontrarse en estado de ruina oficialmente declarado por el Ayuntamiento de conformidad con la legislación urbanística vigente. La declaración de no sujeción y correspondiente baja en el padrón se producirá de oficio.

Tratarse de inmuebles no susceptibles de uso u ocupación. Para este efecto, se consideran como tales únicamente los inmuebles que carezcan de los servicios de: suministro de agua potable, evacuación de aguas residuales y suministro de energía eléctrica. Se entiende que el inmueble carece de estos servicios cuando esté dado de baja como usuario en todos los servicios señalados, con carácter definitivo, por la entidad suministradora o prestadora. En caso de que no se acredite este extremo, el inmueble se considerará utilizable u ocupable y devengará la tasa correspondiente.

4.- Para los efectos de la definición del hecho imponible, se considera basura domiciliar y residuos sólidos urbanos los restos y desperdicios de alimentación o detritus procedentes de la limpieza normal de viviendas o locales. Se excluyen de tal concepto los residuos de tipo industrial, escombros de obras, detritus humanos, materias y materiales contaminados, corrosivos, peligrosos o de los que su recogida o vertido exija la adopción de especiales medidas higiénicas, profilácticas o de seguridad.

Artículo 3º- Sujetos pasivos

1.- Son sujetos pasivos de la tasa, en concepto de contribuyentes, las personas físicas y jurídicas y las entidades a las que se refiere el artículo 35.4 de la Ley General Tributaria, que soliciten o resulten beneficiadas o afectadas por los servicios o actividades que presten o realicen las entidades locales, de conformidad con el artículo 23.1 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, que aprobó el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales.

En consecuencia, son sujetos pasivos contribuyentes en esta tasa las personas físicas o jurídicas y las entidades a las que se refiere el artículo 35.4 de la Ley 58/2003, de 17 de diciembre, General Tributaria, que ocupen o utilicen las viviendas, establecimientos e instalaciones de cualquier uso, sea a título de propietario o usufructuario, habitacionista o arrendatario.

2.- Tendrán la condición de sustitutos del contribuyente, en las tasas establecidas por razones de servicios o actividades que beneficien o afecten a los ocupantes de viviendas o locales, a los propietarios de dichos inmuebles, quienes podrán repercutir, en su caso, las cuotas sobre los respectivos beneficiarios, de conformidad con el artículo 23.2 del citado RDL 2/2004.

Artículo 4º- Responsables

1.- Responderán solidariamente del pago de esta tasa junto con los sujetos pasivos sustitutos del contribuyente, los beneficiarios de la prestación del servicio por utilizar u ocupar las viviendas o locales.